
De: [REDACTED]
Enviado el: miércoles, 25 de mayo de 2011 11:03

Para: [REDACTED]

Asunto: [REDACTED]

Hola,

póñome en contacto con vostedes para participar na proposta do proxecto do Plan Hidrolóxico da bacía Miño-Sil.

Quería exporlles que, como veciño do concello de Arbo, non se ten unha regulación normalizada do caudal no río Miño. Isto é que o río Miño ten unha variación de caudal ó longo do día moi grande. Algúns días duns 10 metros de altura. Isto provoca que os pescadores non poidan recoller as súas redes por mor de estar o río alto ou ben non pesquen nada ou case nada porque o caudal sube e baixa moi rápido. Ademais, ten que afectar á fauna acuícola.

Ademais proponho que se poñan en marcha mecanismos para eliminar especies exóticas como o caranguexo americano (*Procambarus clarki*), a perca (*Micropterus salmoides*), a carpa (*Cyprinus carpio*), o visón americano (*Mustela vison*), a donicela (*Mustela nivalis*), os distintos tipos de acacias, a uña de gato (*Carpobrotus edulis*) ou o eucalipto entre outras que descoñezo e seguro que existen e que os ecoloxistas poden saber.

Espero que sirva de algo esta pequena aportación

Un saúdo

[REDACTED]